

FINSA ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE PROMOVIDA POLA ADOS

A empresa Finsa en Santiago de Compostela recibe unha nova visita das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). A unidade móbil estará estacionada na empresa o vindeiro mércores 25 de febreiro das 09:30 ás 14:30 e das 15.30 ás 21:00 horas.

A Axencia quere convidar a todos os traballadores e traballadoras de Finsa para que participen nesta nova campaña de doazón de sangue. As unidades móbiles da ADOS teñen visitado as instalacións de Finsa desde o ano 1993 e acadaron un total de 3.150 doazóns de sangue, grazas as que, por exemplo, foi posible realizar 1.575 intervencións cirúrxicas ou transfundir plaquetas a 630 enfermos oncolóxicos.

Desde a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, agradecemos á xerencia de Finsa, así como a todos os traballadores e traballadoras, a súa colaboración e compromiso co solidario xesto da doazón de sangue.